



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O PROXECTO DO PARQUE EÓLICO AS ENCROBAS NOS CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES (A CORUÑA)

N.º Expte.: IN408A 2020/93 (Parque Eólico As Encrobas)

Con data do 2 de agosto de 2021, recíbese escrito do Servizo de Enerxía e Minas na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI relativo ao proxecto do **Parque Eólico As Encrobas**, expediente **IN408A 2020/93**, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; na lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia e demais normas vixentes que resulten de aplicación e no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorra

Revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, **na data de sinatura electrónica**

Nuria Padín Quintanal
Xefa do servizo de Prevención e
Análise de Riscos
Asinado electrónicamente

Vº Bº
Jose Antonio Grandas Arias
Subdirector Xeral de Planificación
e Protección Civil
Asinado electrónicamente

Juan José Iglesias Suárez

Servizo de Enerxía e Minas

Delegación Territorial da Coruña

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Edificio Administrativo Monelos

Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar

15071 A Coruña



Xacobeo 21-22

